



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Sociolingüística		Código	652G04044
Titulación				
Descriptoros				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Lourido Hermida, Isaac	Correo electrónico	isaac.lourido@udc.es	
Profesorado	Lourido Hermida, Isaac	Correo electrónico	isaac.lourido@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo e análise da situación sociolingüística da lingua galega.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Coñecer e aplicar os fundamentos lingüísticos da Logopedia.		A3	
Coñecer técnicas de comunicación.		A20	
Aprender autonomamente e aprender a aprender.			B5
Procurar a calidade na actividade profesional.			B10
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.			B11
Saber expresarse en público			B17
Expresarse correctamente en galego, tanto de forma oral como escrita.			C1
Desenvolver o espírito crítico e comprometerse coas realidades lingüísticas dominadas.			C4
Valorar a importancia que ten a investigación e a innovación no avance cultural da sociedade.			C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Concepto de Sociolingüística. A sociolingüística sobre o galego.	1.1. Linguaxe, cultura e pensamento. 1.2. Historia da reflexión sociolingüística sobre o galego.
2. Marco teórico e conceptos chave.	2.2. Monolingüismo, bilingüismo, plurilingüismo. 2.3. Diglosia e conflito lingüístico. Os procesos de substitución lingüística. 2.4. Actitudes e preconceitos sobre as linguas. O caso galego.
3. Planificación e dinamización lingüística.	3.1. A planificación como proceso. 3.2. A planificación do corpus. 3.3. A planificación do status.
4. Lingua, poder e comunicación.	4.1. As linguas como poder. 4.2. Construíndonos na lingua.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	B5 C4 C8	2	6	8



Presentación oral	A3 A20 B10 B17 C1	4	24	28
Estudo de casos	A3 A20 B5 B10 C1 C4	4	24	28
Discusión dirixida	A3 B17 C1 C4	4	32	36
Sesión maxistral	A3 A20 B5 B10 B11 B17 C1 C4	8	0	8
Actividades iniciais	C1 C4	2.5	0	2.5
Atención personalizada		2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Lectura crítica de textos relacionados coa materia obxecto de estudo e realización de traballos e actividades de diferentes tipo a partir deles.
Presentación oral	Exposición na aula dun dos aspectos do temario, fundamentada en lecturas previas e nunha preparación coordinada coa persoa docente.
Estudo de casos	Solución a casos simulados relacionados coas exposicións das sesións maxistrais e integrados na pescuda de innovacións que procuren a saída aos conflitos.
Discusión dirixida	Debate sobre temas de actualidade relacionados coa materia con exposicións razoadas e argumentadas.
Sesión maxistral	Presentación dos conceptos fundamentais para comprender a materia e deseño de guías orientativas para unha aprendizaxe autónoma.
Actividades iniciais	Cofecemento, a través dunha enquisa anónima, do nivel de cofecementos e do grao de espírito crítico do alumnado.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Presentación oral	O alumnado terá que realizar as lecturas propostas como obrigatorias e as actividades vinculadas a elas. Cada estudante exporá na aula un dos aspectos que integran o temario, nunha actividade que será previamente orientada e supervisada polo docente.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Lecturas	B5 C4 C8	Para cada lectura obrigatoria será proposta a realización dunha actividade asociada (recensión, traballo breve, preparación de debate, entre outras), na cal será valorada especialmente a reflexión crítica sobre os contidos e sobre a aprendizaxe persoal.	30
Presentación oral	A3 A20 B10 B17 C1	Cada estudante realizará unha exposición na aula sobre un aspecto do programa previamente acordado coa persoa docente, que apoiará e supervisará a o proceso de preparación. Para alén da clareza expositiva e da reflexión crítica, será valorada a calidade lingüística e a adecuación ao contexto comunicativo.	35
Estudo de casos	A3 A20 B5 B10 C1 C4	Tras as explicacións da persoa docente presentaranse problemas para seren solucionados, quer oralmente quer por escrito, razoando as respostas xustificadamente e con criterios rigorosos.	35

Observacións avaliación



Aplicarase unha penalización do 25% sobre a cualificación final dos traballos se este foren entregados fóra de prazo sen causa xustificada.

Os/as estudantes que non superaren a materia ou que non cumpriren co 50% das actividades obrigatorias exixidas ao longo do cuadrimestre deberán realizar na convocatoria de xullo unha proba de carácter oral e escrito.

Considerarase non presentado na materia quen non realizar as probas orais e escritas e/ou quen non cumprir coas actividades obrigatorias propostas pola persoa docente.

O estudantado a tempo parcial e con dispensa académica entregará as actividades obrigatorias nunha data concertada previamente co/coa profesor/a.

O alumnado que se presente á convocatoria de decembro será avaliado da seguinte maneira: proba obxectiva (50 %), presentación oral (20%) e traballos tutelados (30 %).

Fontes de información

Bibliografía básica	- BASTARDAS I BOADA, A. (1996). "Política y planificación lingüísticas". Martín Vide, C. (ed.), Elementos de lingüística, 341-360. Barcelona: Octaedro - GARCIA NEGRO, M. P (1991). O galego e as leis. Aproximación sociolingüística . Vilaboa, Po: O Cumio - IGLESIAS ÁLVAREZ, A. (2002). Falar galego: "no veo por qué". Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galicia. Vigo: Xerais - GARCÍA NEGRO, M. P. (2009). De fala a lingua: un proceso inacabado. Brión: Laiovento - FREIXEIRO MATO, X.R. (2002). Lingua galega: normalidade e conflito. Santiago: Laiovento - LORENZO SUÁREZ, A. (2005). "Planificación lingüística de baixa intensidade: o caso galego". Cadernos de Lingua, 27: 37-59. - NÚÑEZ SINGALA, M. (2009). En galego, por que non? Contra os prexuízos e as simplificacións sobre a lingua galega . Vigo: Galaxia - REAL ACADEMIA GALEGA (2016). Lingua e sociedade en Galicia. A evolución sociolingüística 1992-2013. A Coruña: Real Academia Galega - SANMARTÍN REI, G. (2010). Lingua e futuro. Ames: Laiovento - VV.AA (2002). O proceso de normalización do galego. 1980-2000. Volumes I, II e III. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. - INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (2014). Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego. Anos 2003, 2008 e 2013, www.ige.eu/enquisas
Bibliografía complementaria	- CONSTENLA BERGUEIRO, G. (1997). Ensaio sociolingüístico. Antoloxía. Vol. 44 da Historia da Literatura Galega . Vigo: A Nosa Terra - FAGIM, V. (2015). O galego (im)posíbel. Aínda máis. Compostela: Através Editora - GARCÍA NEGRO, M. P. (1993). Sempre en galego . Santiago: Laiovento - GARCÍA NEGRO, M.P. (2009). Sobre o racismo lingüístico. Ames: Laiovento - RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, F. (1991). Conflicto lingüístico e ideoloxía en Galicia. Santiago: Laiovento - SÁNCHEZ VIDAL, P. (2010). O debate normativo da lingua galega (1980-2000). A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza - VILLARES NAVEIRA, L. (2010). Estudos xurídicos sobre o Decreto para o plurilingüismo. Ames: Laiovento

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente



Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías